



CONCELLO DE QUIROGA (Lugo)

BASES QUE REXERÁN A CONTRATACIÓN POR CONCURSO-OPOSICIÓN DE UN/HA TÉCNICO EN RÉXIME LABORAL TEMPORAL A XORNADA COMPLETA PARA O SERVIZO LINGÜÍSTICO NA AGRUPACIÓN DE CONCELLOS DE QUIROGA E RIBAS DE SIL, AO ABEIRO DO DISPOSTO NA ORDE DO 24 DE MARZO DE 2021 QUE ESTABECE AS BASES PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS ÁS ENTIDADES LOCAIS DE GALICIA PARA A PROMOCIÓN DO USO DA LINGUA GALEGA.

1º.- OBXECTO E NORMA DE APLICACIÓN

O obxecto das presentes bases consiste na regulación do procedemento para a provisión de persoal laboral temporal dun posto de Técnico/a para o servizo lingüístico da agrupación de concellos de Quiroga e Ribas de Sil.

A contratación realízase ao abeiro da Resolución do 5 de xullo de 2021, da Secretaría Xeral de Política Lingüística, pola que se conceden subvencións ás entidades locais de Galicia para a promoción do uso da lingua galega, ao abeiro da convocatoria regulada na Orde do 24 de marzo de 2021.

A modalidade de contratación terá as características seguintes:

Tipos de contrato:

1 contrato temporal por obra ou servizo a xornada completa, de luns a venres.

Duración do contrato: 2 meses: desde o **01 de agosto de 2021 ata ao 15 de outubro de 2021.**

Grupo de cotización: Grupo 1.

Retribucións: Soldo bruto e prorrateo de pagas adicionais: 1.475,16 euros.

Cometido da praza (funcional e extensión): .O obxectivo principal do servizo lingüístico será o de incrementar o uso e o prestixio da lingua galega en todos os ámbitos dos termos municipais dos concellos integrantes da agrupación e, en xeral:

- Asesoramento á Administración, mellorar a calidade lingüística e comunicativa da Administración, resolver dúbidas e elaborar e recomendar materiais específicos, atendendo as necesidades dos departamentos.
- Impartir un curso de formación en lingua galega preparatorio para acceder aos CELGA.
- Fomentar o uso do galego no ámbito socioeconómico.
- Propoñer e planificar actividades concretas que conciencien á mocidade e á sociedade en xeral respecto do uso da lingua galega.
- Coordinarse coa Rede de normalización lingüística para planificar, xestionar e avaliar accións de fomento do emprego do uso do galego.

Sistema de provisión: Concurso-oposición de acordo cos principios de igualdade, mérito, capacidade, e publicidade.

En todo o non previsto nestas bases estarase ao disposto na seguinte lexislación:

- A Lei 2/2015, de 29 de abril, do Emprego Público de Galicia.
- O Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado polo Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro.
- O Texto Refundido da Lei da Función Pública de Galicia aprobado por Decreto Legislativo 1/2008, de 13 de marzo.
- A Lei Orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes.
- Os artigos 21.1.g), 91, e 103 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local.
- O artigo 177 do Texto Refundido das Disposicións Legais Vixentes en Materia de Réxime Local, aprobado polo Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril.
- O Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ao Servizo da Administración Xeral do Estado e de Provisión de Postos de Traballo e Promoción Profesional dos Funcionarios Cívís da Administración Xeral do Estado aprobado por 364/1995, de 10 de marzo (de carácter supletorio conforme o artigo 1.3).
- O Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2015, de 23 de outubro.

2º.- REQUISITOS DO/AS CANDIDATOS/AS

Para tomar parte na selección, os/as aspirantes deberán cumprir os seguintes requisitos, referidos todos e cada un deles á data na que remate o prazo de presentación de solicitude e que estean debidamente xustificadas:

Requisitos xerais:

- a) Ter nacionalidade española, ou ter nacionalidade doutro Estado sempre que se cumpran os requisitos do





CONCELLO DE QUIROGA (Lugo)

artigo 57 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, respecto do acceso ao emprego público de nacionais doutros estados.

- b) Ter cumpridos dezaseis anos e non exceder, de ser o caso, da idade máxima de xubilación forzosa.
- c) Non padecer enfermidade, nin estar afectado/a por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desenvolvemento das funcións propias da praza obxecto desta convocatoria.
- d) Non estar separado/a, mediante expediente disciplinario do servizo ó Estado, ás Comunidades Autónomas ou ás Entidades Locais, nin estar inhabilitado/a para o exercicio das funcións públicas. No caso de ser nacional doutro Estado, non estar inhabilitado/a ou en situación equivalente, nin estar sometido/a a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos, o acceso ó emprego público.
- e) Non estar afectado/a por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ó servizo das administracións públicas.

3º.- REQUISITOS ESPECÍFICOS

TITULACIÓN: Estar en posesión do grao en Lengua e Literatura galegas, grao en Estudos de Galego e Español, Grao en Galego e Portugués: Estudos lingüísticos e literarios. As licenciaturas equivalentes aos ditos graos ou outras titulacións superiores pertencentes á área de Humanidades ou de Ciencias Xurídicas e Sociais sempre que estean en posesión do certificado de lingua galega do nivel 5 (Celga 5).

4º.- PUBLICIDADE

4.1.- O Concello presentará oferta xenérica á Oficina de Emprego de Monforte de Lemos, procedendo a remisión das presentes bases.

4.2.- A apertura do proceso de selección e as bases serán publicadas polos seguintes medios durante o prazo de 5 días hábiles aos efectos de que os interesados poidan acudir á Oficina de emprego:

No taboleiro de anuncios do Concello de Quiroga

Na Radio e Televisión Municipal de Quiroga.

Na páxina WEB municipal www.concellodequiroga.com.

5º.- PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN

1.- O Concello de Quiroga se poñerá en contacto cos candidatos remitidos pola Oficina de Emprego aos efectos de presentar a documentación para participar no proceso selectivo.

2.- Á instancia unirase:

.- Fotocopia compulsada do DNI.

.- Relación de méritos que alega (Anexo II)

.- Declaración de non estar afectado/a por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ó servizo das administracións públicas, de non padecer enfermidade ou defecto físico/psíquico, que lle impida o desempeño das funcións ou tarefas correspondentes a praza á que se opta e de non estar separado/a, mediante expediente disciplinario do servizo ó Estado, ás Comunidades Autónomas ou ás Entidades Locais, nin estar inhabilitado/a para o exercicio das funcións públicas; no caso de ser nacional doutro Estado, non estar inhabilitado/a ou en situación equivalente, nin estar sometido/a a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos, o acceso ó emprego público. (Anexo III).

.- Fotocopia compulsada de tódolos documentos xustificativos dos méritos que se aleguen, pois non se tomarán en conta nin serán avaliados aqueles que non queden debidamente acreditados, en tódolos seus extremos no momento de presentación da instancia.

6º.- TRIBUNAL DE VALORACIÓN

O tribunal cualificador do concurso estará constituído segundo o disposto no artigo 60 do Estatuto Básico do Empregado Público (Lei 7/2007, do 12 de abril).

7º.- FASES DO PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN

A selección do persoal laboral temporal realizarase mediante dúas probas:

- a) Fase de concurso: valoración de méritos alegados polos interesados.
- b) Fase de oposición: proba escrita consistente nunha tradución dun texto do castelán ao galego e dun texto do galego ao castelán.
- c) Entrevista persoal.





CONCELLO DE QUIROGA (Lugo)

8º.- DESENVOLVEMENTO DAS PROBAS

1.- VALORACIÓN DE MÉRITOS

Polo Tribunal cualificador examínase toda a documentación entregada polos/as aspirantes aos efectos de determinar unha maior adecuación ao posto de traballo. Os méritos que se valoran son os que a continuación se relacionan e deberán acreditarse mediante orixinais ou copias compulsadas.

Cráterios xerais:

Os méritos aos que se fai referencia neste apartado deberán posuírse á data de valoración dos mesmos polo Tribunal cualificador, computándose ata a dita data.

Acreditáranse mediante certificacións ou diplomas expedidos polas Entidades ou Organismos convocantes.

A puntuación máxima outorgada na fase de valoración de méritos non excederá de **6 puntos**.

Cráterios específicos:

- Formación continua (máximo 3 puntos):

- Estar en posesión de cursos relacionados co posto de traballo impartidos pola Administración pública, Universidades, centros públicos concertados, organismos oficiais, ou pertenza aos acordos de formación continua e outra formación homologada: Ata un máximo de 2 puntos segundo o baremo seguinte:
 - o Non se valorarán as xornadas ou cursos con menos de 20 horas de duración.
 - o Por cada curso de 20 a 50 horas lectivas: 0,25 pto/curso.
 - o Por cada curso de duración de 51 a 100 horas lectivas: 0,50 pto/curso.
 - o Por cada curso de duración de 101 a 200 horas lectivas: 0,75 pto/curso.
 - o Por cada curso de duración de máis de 200 horas lectivas: 1,50 pto/curso.

O Tribunal valorará no seu conxunto e por unha soa vez, os cursos que sexan de natureza análoga e contido curricular similar. O mesmo curso realizado en máis dunha ocasión só será valorado unha vez.

Soamente se computarán os cursos que queden acreditados mediante o oportuno diploma ou título onde quedará reflectido o número de horas de duración e, expresar con suficiente claridade o seu contido básico, así como o centro de impartición. Non se computarán os cursos non acreditados polos/as concursantes.

Non se valorarán as titulacións académicas esixidas polo artigo 75 da Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, para o acceso aos distintos grupos de titulación, nin os cursos encamiñados á obtención destas.

- Experiencia nas tarefas propias a desenvolver (máximo 3 puntos):

1.- Servizos prestados en administracións públicas, en funcións ou tarefas propias do posto que se convoca: 0,20 puntos por cada mes traballado.

2.- Servizos prestados no sector privado desenvolvendo tarefas propias do posto que se convoca: 0,10 puntos por cada mes traballado.

No suposto de que a xornada de traballo non sexa do 100 %, entón a puntuación por este concepto reducirase en proporción ás horas traballadas.

2.- FASE DE OPOSICIÓN.

Consistente na tradución de dous textos propostos polo Tribunal, unha tradución do galego ao castelán e unha tradución do castelán ao galego. A puntuación máxima a acadar será de 10 puntos, 5 puntos por cada texto. O tempo de realización da proba será de 50 minutos. A data de realización da proba será o día 29 de xullo de 2021 na Casa do Concello de Quiroga, ás 10:00 horas.

3.- ENTREVISTA PERSOAL

A entrevista persoal, que se realizará á fin de asegurar a obxectividade e racionalidade do proceso selectivo, versará sobre o recoñecemento das actitudes ou habilidades persoais para o desempeño do posto de traballo e se valorarán os coñecementos en linguaxe administrativa, en sociolingüística e en dinamización social, así como as formacións de posgrao en planificación lingüística. Esta entrevista valorarase cunha **puntuación máxima de 2 puntos** e realizarase a continuación da proba escrita na Casa do Concello.





CONCELLO DE QUIROGA (Lugo)

9º.- RESOLUCIÓN

O Tribunal emitirá a correspondente acta co establecemento das puntuacións obtidas ao longo do proceso selectivo, sendo a cualificación definitiva o resultado da suma das puntuacións obtidas, proponendo a proposta de nomeamento ao/á candidato/a que obtivera a maior puntuación.

Logo de realizada a selección definitiva deberá ser notificada, para o seu coñecemento, á correspondente oficina de emprego.

O contrato temporal será asignado ao/á primeiro/a candidato/a que obtivese a maior puntuación. Os demais candidatos/as quedarán en reserva por orde de puntuación por se se dese algunha renuncia ou situacións puntuais de baixas por incapacidade laboral temporal da persoa inicialmente seleccionada, e no tempo de duración deste contrato.

A resolución do proceso de selección e do nomeamento farase polo Presidente da Corporación Municipal, a proposta do tribunal cualificador.

O/a aspirante seleccionado/s, previamente a súa contratación, e no prazo de tres días hábiles contados desde a súa proposta de nomeamento, deberá xustificar e presentar a seguinte documentación:

- Certificado médico oficial acreditativo de non padecer enfermidade ou defecto físico ou psíquico que impida o normal exercicio das funcións correspondentes á praza á que se opta.

9º.- INCIDENCIAS

Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa, poderase interpor recurso contencioso - administrativo diante do Xulgado do Contencioso-Administrativo durante o prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte ao da publicación da presente resolución, se ben con carácter potestativo poderase interpor, ante o mesmo órgano que ditou este acto, recurso de reposición no prazo de un mes a partir do día seguinte ao da referida publicación, sen poder simultanear ambos. Aínda que tamén se poderá utilizar calquera outro recurso ou acción que se estime pertinente.

O Alcalde-Presidente,

Julio Álvarez Núñez



ANEXO I: MODELO DE INSTANCIA

D./D^a. maior de
idade, con DNI con domicilio a efectos de notificacións en
.....número de
teléfono

EXPOÑO:

Enterado/a do procedemento para a provisión dun posto de traballo de TÉCNICO DO SERVIZO LINGÜÍSTICO no Concello de Quiroga, Bases de contratación de data 19 de xullo de 2021-, estou interesado/a en participar no proceso de selección do devandito posto.

DECLARO:

- 1º.- Que coñezo na súa integridade as bases que rexen a convocatoria.
- 2º.- Solicito ser admitido/a a dito procedemento, e comprométome a someterse ás bases que o regulan.

En Quiroga, a de..... de 2021

Asdo.:

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE QUIROGA

ANEXO III: DECLARACIÓN RESPONSABLE

D./D^a. maior de
idade, con DNI e con domicilio a efectos de notificacións en
.....
e número de teléfono

DECLARO:

Que non estou afectado/a por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ó servizo das administracións públicas, de non padecer enfermidade ou defecto físico/psíquico, que me impida o desempeño das funcións ou tarefas correspondentes a praza á que opto e de non estar separado/a, mediante expediente disciplinario do servizo ó Estado, ás Comunidades Autónomas ou ás Entidades Locais, nin estar inhabilitado/a para o exercicio das funcións públicas;
-no caso de ser nacional doutro Estado-, de non estar inhabilitado/a ou en situación equivalente, nin estar sometido/a a sanción disciplinaria ou equivalente que me impida, no meu Estado, nos mesmos termos, o acceso ó emprego público.

Quiroga, de de 2021